

# Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

Abril-xullo 2023

# Informe para o Consello da Xunta de Galicia

20 de xullo de 2023

Este informe recolle un resumo das actividades da nosa oficina de representación en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa en coordinación con diferentes departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses galegos perante a UE.

Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A participación autonómica nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias da Xunta de Galicia, é a responsables de aplicar gran parte da lexislación europea.

Entre abril e xullo de 2023 traballamos en temas moi diversos dos que destacamos:

1. A organización dunha **visita institucional a Bruxelas do conselleiro de Facenda**, Miguel Corgos, na que se tratou a execución en Galicia dos fondos estruturais e o MRR.
2. O seguimento da **revisión a medio prazo do orzamento da UE**, na que se inclúe a posibilidade de dar axudas con fondos estruturais a grandes empresas para a fabricación e desenvolvemento de tecnoloxías críticas
3. A presentación do informe **coas prioridades de Galicia de cara a Presidencia española da UE**.
4. O seguimento e participación no debate sobre o futuro do **sector do automóbil**, coa obrigatoriedade de que en 2035 todos os turismos e furgonetas que saian ao mercado sexan de cero emisións.
5. As consultas levadas a cabo para a elaboración dun **ditame no Comité Europeo das Rexións en resposta ao paquete sobre a sostibilidade do sector pesqueiro** proposto en febreiro pola Comisión Europea.
6. A presentación en Bruxelas dun proxecto pioneiro a nivel europeo de **produción de metanol verde en Galicia**
7. O apoio á **industria de conserva de peixe e marisco** en Galicia mediante a defensa ante a UE dun continxente arancelario axeitado de importación de lombos de atún.
8. O apoio prestado a AMTEGA no lanzamento do **proxecto Govtech4all** no que participa xunto a outras 20 entidades europeas

9. O seguimento da **revisión da rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)** e a defensa dos intereses galegos nela.
10. A preparación de dous seminarios para mostrar a experiencia galega no marco da **Semana Europea das Rexións e das Cidades 2023**
11. O asesoramento á Xunta de Galicia para participar no **Ano Europeo de Competencias**
12. O apoio á Consellería de Política Social para participar no **Consello da UE en materia de Xuventude**
13. A organización da 18ª edición do programa de financiamento comunitario **“TecEuropa”**, no que participaron varios funcionarios da Xunta de Galicia
14. O apoio á Consellería de Sanidade no lanzamento dun proxecto europeo sobre **cribado de cancro**
15. A **cooperación bilateral con outras rexións** de dentro e fóra da UE

Como **anexo**, recóllese un listado con 38 reunións ás que asistiu o persoal e os bolseiros da FGE en Bruxelas cunha breve explicación do interese de cada unha delas para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase, por exemplo, de reunións organizadas pola rede informal de colaboración entre Oficinas Rexionais en Bruxelas (CORE), que permiten unha mellor interlocución coas institucións europeas, por un lado, e coa Representación Permanente de España ante UE (REPER), por outro, co obxectivo de obter información de primeira man do traballo de España no Consello. Tamén se recollen as reunións do **Comité Europeo das Rexións**, nas que a FGE presta apoio técnico e loxístico para a participación do membro suplente en representación de Galicia: Jesús Gamallo Aller.

Por último, a FGE anima aos distintos departamentos da Xunta de Galicia a participar nas **consultas públicas** que abre a Comisión Europea e que permiten participar nunha fase temprana do proceso lexislativo. Tamén lles achega as respostas que a Comisión Europea dá ás preguntas en relación con Galicia formuladas por deputados do Parlamento Europeo e lles mantén informados das peticións abertas en relación con Galicia na comisión de Peticións da EuroCámara. Entre abril e xullo de 2023, a FGE enviou:

- 14 avisos sobre consultas públicas
- 35 alertas sobre preguntas parlamentarias

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en [fundaciongaliciaeuropa.eu](http://fundaciongaliciaeuropa.eu) e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último boletín: [xuño de 2023](#)).

## Defensa dos intereses galegos perante a UE -Abril a xullo de 2023 -

TEMA	Consellería implicada	DESCRIBIÓN	ACTIVIDADES FGE
<p><b>1. Execución do MRR e dos fondos estruturais en Galicia</b></p>	<p>Facenda</p>	<p>A FGE organizou unha <a href="#">visita a Bruxelas do conselleiro de Facenda, Miguel Corgos</a>, composta de tres reunións coa Comisión Europea e unha mesa redonda con galegos que ocupan altos cargos nas institucións europeas. O obxectivo da visita era dobre: por unha banda, poder contar con información de primeira man e, por outra, poñer en coñecemento das autoridades europeas o que se está a facer en Galicia cos recursos procedentes do MRR, así como tratar as posibilidades existentes para mobilizalos.</p> <p>Como conclusións desta visita, a FGE destaca que:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Galicia goza dunha boa reputación no que se refire á execución de fondos europeos</li> <li>• Cómpre avaliar as posibilidades que se están a negociar coa nova Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa, e que permitirá dar axudas a grandes empresas ao 100% a cargo do FEDER para a fabricación de tecnoloxías críticas, ademais de apoiar directamente proxectos que obtiveran o “selo de soberanía” por parte da UE</li> <li>• Anima a facer uso das <a href="#">plataformas</a> mencionadas por DG REGIO</li> <li>• Para a negociación da futura política rexional, toma nota da suxerencia de introducir criterios demográficos para a selección de proxectos ou operacións, de forma que se poida dar preferencia ás actuacións nas provincias de Lugo e Ourense, por exemplo.</li> <li>• Para o financiamento dos PERTE por parte do MRR, convén volver tentalo agora tras a flexibilización reforzada do marco de axudas de Estado</li> </ul>	<p>12/06 Reunión con Normunds Popens, <b>director xeral de DG REGIO</b>, acompañado xefa de Unidade para España, Caroline Callens</p> <p>12/06 Reunión con María Teresa Fábregas Fernández, directora para España do <b>Grupo de Traballo “Recuperación e Resiliencia” da Secretaría Xeral da Comisión Europea</b>, acompañada por María José Doval Tedín, xefa adxunta da de unidade para España en DG ECFIN</p> <p>12/06 Mesa redonda <b>“Galicia ante a dobre transición verde e dixital nun contexto de crise global”</b></p> <p>13/06 Reunión coa xefa de Unidade para España e directora en <b>DG EMPL</b>, María Iglesia,</p>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Indagará sobre a posibilidade de que as CCAA destinen a outras actuacións o MRR transferido que poida “sobrar” tras un correcto cumprimento dos fitos e obxectivos</li> <li>• Cómpre indagar co Estado as distintas modalidades de préstamos que se expoñen na addenda para poder executalo no próximos tres anos e explorar as modalidades que non computarían a efectos de débeda pública para a comunidade autónoma</li> <li>• Cómpre facer seguimento das cuestións sinaladas por DG EMPL: avaliación horizontal, execución do programa básico,</li> </ul> <p>O cuarto <a href="#">encontro virtual FGE Next Generation Galicia</a> do ano estivo dedicado, precisamente, á execución do MRR e á modificación en curso de Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia.</p>	<p>21/06 <a href="#">Encontro virtual FGE Next Generation Galicia</a> sobre a execución do MRR</p>
<p><b>2. Revisión a medio prazo do orzamento da UE</b></p>	<p>Facenda</p>	<p>En xuño, a Comisión Europea presentou a súa proposta de revisión a medio prazo do Marco Financeiro Plurianual (MFP) para aumentar o orzamento da UE con vistas a crear un novo instrumento de apoio a Ucraia, facer fronte ao aumento dos intereses da débeda de NextGenerationEU, aumentar o gasto en materia de fronteiras e migración e crear unha <b>Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP)</b>, como paso previo a un eventual Fondo Europeo de Soberanía. STEP posibilitará o uso de fondos estruturais para apoiar a grandes empresas na fabricación de tecnoloxías críticas en como a IA, as tecnoloxías limpas ou a biotecnoloxía. A FGE informou a Facenda sobre estas negociacións que terán un impacto no uso dos fondos e na negociación do MFP posterior a 2027.</p> <p>Como coordinadora do grupo de Cohesión no marco da CORE, a FGE organizou dúas reunións coa REPER e unha con DG REGIO que serviron para obter información de primeira man sobre a revisión do MFP, a execución dos fondos estruturais 21 -27 e o peche do período anterior.</p>	<p>10/05 Reunión <b>grupo Cohesión da CRPM</b></p> <p>06/06 Reunión co <b>conselleiro de Facenda da REPER</b>, Alejandro Blanco</p> <p>20/06 <b>Reunión anual coas oficinas de representación rexional en Bruxelas coa comisaria Elisa Ferreira</b></p> <p>11/07 Reunión co <b>conselleiro de Facenda da REPER</b>, Alejandro Blanco</p>

		<p>Na reunión anual da comisaria Ferreira coas oficinas de representación rexional en Bruxelas, a <a href="#">FGE suxeriu a posibilidade de engadir criterios demográficos</a> para a selección de proxectos na política rexional futura. Da man da CRPM, Galicia está tamén a reflexionar sobre o futuro da política de cohesión. En concreto, contribuíu a unha enquisa da CRPM sobre o futuro de Interreg.</p>	<p>14/07 Reunión coa <b>unidade de España de DG REGIO</b></p>
<p><b>3. Presidencia española do Consello da UE</b></p>	<p>Todas</p>	<p>Para contribuír aos debates impulsados con motivo da Presidencia española do Consello da UE, a FGE elaborou un informe a partir das achegas das consellerías no que se recolle a experiencia galega en 16 ámbitos: Pacto Verde europeo, pesca, cohesión, reforma do mercado da electricidade, Ano Europeo de Capacidades, Rede Transeuropea de Transporte, axenda dixital, automoción, enerxía, materias primas críticas, I+D+i, desenvolvemento rural, execución do MRR, turismo, macrorrexión atlántica e retos demográficos.</p> <p>O informe obtivo o visto bo do Consello da Xunta en abril e foi enviado á Consellería de Política Territorial. Tamén se presentou ao padroado da FGE en xuño e ao conselleiro de Política Territorial da REPER no quinto encontro virtual FGE-NextGenerationGalicia de 2023.</p>	<p>11/05 Reunión co <b>embaixador representante permanente adxunto ante a UE</b>, Raúl Fuentes</p> <p>19/06 Reunión co <b>Embaixador Representante Permanente de España ante a UE</b>, Marcos Alonso</p> <p>29/06 <b>Padroado da FGE</b></p> <p>05/07 <b>Encontro virtual «As prioridades da Presidencia española»</b></p>
<p><b>4. Transformación do sector do automóbil en Galicia</b></p>	<p>Economía, Industria e Innovación</p>	<p>A FGE acompañou ao IGAPE na súa participación na mesa rexional do Itinerario de transición do ecosistema europeo da mobilidade. A Unión Europea está desenvolvendo, xunto coa industria e as partes interesadas, itinerarios de transición en cada un dos 14 sectores identificados na Estratexia Industrial Europea de 2021 co obxectivo de determinar as accións necesarias para lograr a dobre transición verde e dixital en cada un deles.</p> <p>O itinerario referido ao ecosistema de mobilidade está en fase de elaboración. Galicia é unha das rexións europeas que máis está a contribuír a este proceso, polo que foi invitada a participar na mesa redonda na que se recolle as achegas das rexións automobilísticas, coordinada polo estado federado alemá de Baden-Württemberg .</p>	<p>19/04 Reunión da <b>mesa rexional do Itinerario de transición do ecosistema europeo da mobilidade</b></p> <p>26/04 <b>Encontro virtual FGE «<a href="#">A transformación do ecosistema europeo da mobilidade</a>»</b></p> <p>22/05 Reunión da <b>mesa rexional do Itinerario de transición do</b></p>

		<p>Por outro lado, no cuarto <a href="#">encontro virtual</a> FGE NextGeneratioGalicia do ano, un funcionario da Comisión Europea fixo un repaso a lexislación europea que se está a negociar actualmente en materia de mobilidade sostible: revisión das normas sobre emisións de CO2, regulamento sobre infraestruturas de combustibles alternativos e Euro7. A Xunta, pola súa parte, explicou o dinamismo do sector da automoción en Galicia, os retos aos que se enfrenta e o que se está a facer dende a administración autonómica para apoialo.</p> <p>En canto ao Grupo Interrexional do Automóbil do CdR, retomou as reunións políticas en formato presencial cun encontro no que se debateu sobre o ditame “Unha transición xusta e sostible para as rexións da automoción” e no que participaron representantes políticos de rexións como de Saxonia (DE), Abruzzo (IT) ou Borgoña (FR).</p>	<p><b>ecosistema europeo da mobilidade</b></p> <p><b>25/05</b> Reunión política do <a href="#">Grupo Interrexional sobre o Futuro do Automóbil (CoRAI)</a> “<i>A Regional Perspective of utmost importance: A Just and Sustainable Transition for Automotive Regions</i>”</p>
<p><b>5. Política Pesqueira Común (PPC)</b></p>	<p>Mar</p>	<p>En febreiro, a Comisión Europea presentou un paquete de medidas para mellorar a sustentabilidade e a resiliencia do sector da pesca e a acuicultura da UE, na que descarta unha revisión da actual PPC. A proposta recibiu grandes críticas en Galicia, polo que a FGE propuxo ao Comité Europeo das Rexións realizar un ditame en reacción a esta proposta que fose liderado por Galicia; en concreto, por Jesús Gamallo, membro suplente neste órgano europeo, co apoio do director xeral de Pesca, Antonio Basanta, en calidade de experto.</p> <p>Tras ser formalmente adxudicado, en abril traballouse nun documento previo á redacción do ditame que recolle varias preguntas. O 1 de xuño, este documento foi debatido na <a href="#">comisión NAT do CdR celebrada en Torun</a>, Polonia. Representantes rexionais e locais de Alemaña, Grecia, Italia e Irlanda participaron activamente no intercambio de opinións. O 19 de xuño, unha <a href="#">segunda reunión en Bruxelas</a> reuniu a máis de 20 actores interesados na redacción deste ditame como a Asociación Europea del Comercio de Artículos de Pesca ou a Asociación Europea de Organizaciones de</p>	<p>01/06 Reunión da <b>comisión NAT</b> en Torun</p> <p>19/06 Reunión co <b>director xeral adxunto de DG MARE</b>, Kestutis Sadauskas</p> <p>16/06 Lanzamiento do <b>partenariado de transición na pesca</b></p> <p>19/06 Reunión coas partes interesadas</p> <p>27/06 <b>Conferencia internacional ARVI sobre o futuro da pesca</b></p>

		<p>Productores de Pescado (EAPO). Os representantes galegos reuníronse tamén co director xeral adxunto de DG MARE, cos conselleiros de Pesca da REPER e coas rexións da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM).</p> <p>Tras esta fase de consulta con todas as partes interesadas, elaborárase un proxecto de ditame que será debatido na comisión NAT de 5 de outubro e posteriormente aprobado na sesión plenaria de 29 e 30 de novembro.</p>	<p>11/07 Reunión coas <b>rexións da CRPM</b></p>
<p><b>6. Produción de metanol verde en Galicia</b></p>	<p>Economía, Industria e Innovación</p>	<p>Forestal del Atlántico, empresa do Grupo GADISA, impulsa o proxecto Triskelion, recoñecido como “Proxecto Industrial Estratéxico” pola Xunta de Galicia. Este baséase na <b>posta en marcha en Mugar dos dunha planta de produción de metanol verde</b>, que pode ser empregado como materia prima para a fabricación de combustibles sintético ou para o seu uso no sector químico. O proxecto presentouse ás convocatorias do PERTE de descarbonización industrial e do PERTE de enerxías renovables, así como a varias convocatorias do Fondo de Innovación.</p> <p>Dada a importancia do proxecto, a FGE axuda a Forestal del Atlántico a dar a coñecer o seu proxecto entre os diversos actores europeos. Como parte desta estratexia, a FGE organizou dúas reunións desta coa REPER e coa Comisión Europea.</p>	<p>24/04 Reunión co <b>conselleiro de Medio Ambiente da REPER</b></p> <p>24/04 Reunión con <b>Beatriz Yordi, directora na Dirección Xeral de Clima da Comisión Europea.</b></p>
<p><b>7. Importación na UE de atún de Cabo Verde</b></p>	<p>Mar</p> <p>Economía, Industria e Innovación</p>	<p>A FGE reuniuse cunha delegación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), liderada polo seu presidente, Juan Manuel Vieites, para tratar sobre as relacións entre a UE e Cabo Verde, entre as que destacan o Acordo bilateral de Pesca, o Sistema de Preferencias Xeneralizadas Plus (SPG+) e os continxentes de produtos transformados de atún, cabala e melva con materia prima orixinaria de Cabo Verde.</p> <p>A raíz desta reunión, a FGE está a defender ante a REPER e a Comisión Europea a petición feita á DG MARE sobre os continxentes arancelarios autónomos de lombos de atún. A Comisión Europea está a traballar nunha proposta de Regulamento que regulará a apertura e modo de xestión dos continxentes arancelarios autónomos para</p>	<p>27/06 Reunión coa <b>Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)</b></p> <p>10/07 Reunión sobre a nova <b>Estratexia de Seguridade Económica</b> co conselleiro de Comercio da REPER</p>



		<p>o período 2024-2026. En caso de adoptar un contingente mal dimensionado, suporía unha perda de até 12 000 postos de traballo en Galicia e a limitación da dispoñibilidade e elección de produtos nutritivos para os consumidores. Por iso, ANFACO-CECOPECA demanda que a proposta da Comisión, prevista para setembro, reflicta un contingente arancelario autónomo de lombos de atún de 55 000 toneladas ao 0 % de arancel para o período 2024-2026.</p> <p>A industria de conservas de peixe e marisco en Galicia é estratéxica, xerando un valor engadido bruto de ao redor de 300 millóns de euros. O abastecemento de atún é crucial para manter a actividade das plantas conserveiras e a cohesión social nas zonas dependentes da pesca, mentres que o sistema de contingentes arancelarios autónomos foi fundamental para a sustentabilidade económica da frota española e comunitaria.</p>	
<b>8. Goberno intelixente</b>	AMTEGA	<p>A FGE acompañou á AMTEGA na constitución do <a href="#">consorcio Govtech4all</a>, conformado por 21 organizacións de 14 países europeos, a maioría delas institucións de administración dixital como a AMTEGA. Govtech4all permitirá a elaboración de varios proxectos piloto conxuntos nos que se aplique un conxunto de metodoloxías de goberno intelixente. O proxecto ten tamén como obxectivo crear conciencia sobre os gobernos intelixentes, dispoñer dun mapa de situación sobre o desenvolvemento das administracións dixitais e compartir as leccións aprendidas entre os socios e outros actores da UE”.</p> <p>Xa están en marcha tres <a href="#">proxectos piloto transfronteirizos</a> de Govtech4all para os dous primeiros anos por un importe total de 6 millóns de euros, financiados ao 50% polo programa Europa Dixital. AMTEGA participa no proxecto sobre seguridade da información en espazos de datos transfronteirizos.</p>	<p>27/04 Reunión co <b>director da AMTEGA</b>, Julián Cerviño</p> <p>25/05 <b>Lanzamento do proxecto Govtech4all</b></p>
<b>9. Revisión da rede Transeuropea de</b>		<p>O 13 de abril a comisión TRAN aprobou o informe do PE sobre a revisión da RTE-T con 60 emendas ao texto da Comisión consensuadas entre todos os grupos políticos. A</p>	<p>06/06 <b>Foro do Corredor Atlántico</b></p>

<p><b>Transporte (RTE-T)</b></p>	<p>CIM</p>	<p>maiores, hai outras 48 emendas, que fan referencia aos mapas fundamentalmente, nas que se inclúen estas modificacións da RTE-T en relación con Galicia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ferrocarril: na rede básica (a concluír en 2030) propónse incluír os tramos: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Santiago-Vigo-Ourense (nova construción de transporte ferroviario de mercadorías de alta velocidade que conecta estas tres cidades).</li> <li>▪ Ferrol-A Coruña e Ferrol-Lugo-Monforte (transporte ferroviario de mercadorías de alta velocidade).</li> <li>▪ Santiago- Ourense (liña ferroviaria de pasaxeiros de alta velocidade).</li> <li>▪ Vigo- Porto (liña ferroviaria de pasaxeiros de alta velocidade).</li> </ul> </li> <li>• Portos: propónse engadir á rede básica (a concluír en 2050) os portos de Vigo, Ferrol e Marín. E á rede global, o porto de Vilagarcía de Arousa.</li> <li>• Estrada: incluíuse na rede básica, o tramo Madrid - Adanero - Tordesillas - Benavente - Ponferrada - Lugo - A Coruña.</li> </ul> <p>A comisión TRAN decidiu empezar os trílogos inmediatamente, sen pasar polo pleno. A pesar de que o obxectivo inicial era concluír este expediente baixo Presidencia española, a REPER informou de que a viabilidade destas emendas debe ser estudada dende o punto de vista técnico e de que, como moitas afectan a España e esta debe manter unha posición neutra no Consello, seguramente este expediente pase á seguinte Presidencia do consello, a belga.</p>	<p>06/06 Reunión co <b>conselleiro de Transportes da REPER</b></p>
<p><b>10. Semana Europea das Rexións e das Cidades</b></p>	<p>AMTEGA, IGAPE</p>	<p>A Semana Europea das Rexións e das Cidades (EWRC, polas súas siglas en inglés), correspóndese co principal evento anual dedicado á política de cohesión, no que a FGE sempre fomentou e facilitou a participación galega. Tras tres anos de virtualidade motivados pola crise sanitaria, a EWRC recupera o seu carácter integramente presencial e celebrárase entre os días 9 e 12 de outubro de 2023. Neste contexto, a FGE organiza un seminario sobre o papel das rexións no desenvolvemento da intelixencia artificial na UE en colaboración coa Axencia para a Modernización</p>	<p>30/05 Reunión de <b>preparación da #EURegionsWeek</b></p>

		Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), así como unha presentación da sociedade público-privada “Impulsa Galicia”, a cal será levada a cabo polo IGAPE.	
<b>11. Ano Europeo de Competencias</b>	Emprego e Igualdade	O 9 de maio inaugurouse o Ano Europeo das Competencias cun <a href="#">festival</a> no que se incidiu na necesidade de que os traballadores se formen nas capacidades axeitadas para dar resposta á transformación do mercado laboral. Co apoio da FGE, a Xunta de Galicia participou coa proxección dun <a href="#">vídeo</a> sobre a Axenda Galega das Capacidades. O desenvolvemento desta Axenda xa está a permitir a oferta de microformacións que demandan as principais entidades representativas da economía galega.	09/05 <b>Festival do Ano Europeo das Competencias</b>
<b>12. Participación de Galicia no Consello da UE</b>	Política Social	Galicia coordina no segundo semestre de 2023 a participación autonómica no Consello da UE en materia de Xuventude. A FGE asistiu a varias reunións para preparar esta coordinación. Durante Presidencia española, os ministros de Xuventude adoptarán dous documentos sobre a inclusión social e sobre a saúde mental da mocidade. Coa Presidencia española, inaugúrase o noveno ciclo de traballo da Estratexia Europea de Xuventude, centrándose exclusivamente na meta 3 referida a “sociedades inclusivas” e utilizando o lema “ <i>We need you(th)</i> ”.  Dado que España ostenta a Presidencia do Consello, moderando o debate entre as 26 delegacións nacionais, a conselleira de política social poderá asistir á reunión do Consello de Ministros en novembro en Bruxelas pero non intervir para expresar a posición das CCAA . En todo caso, a participación autonómica continúa coa obriga que establece o acordo da CARUE de asistir aos grupos de traballo e á reunión de ministros, e de elaborar unha posición común.	22/05 Reunión coa <b>conselleira de Xuventude da REPER</b>  09/06 Reunión de <b>traspaso da coordinación autonómica no Consello</b> na área de Xuventude  15/06 Reunión técnica coa REPER e a funcionaria designada pola Xunta para asistir ás reunións do Grupo de Traballo
<b>13. TecEuropa</b>	Todas	Entre o 14 e o 23 de xuño tivo lugar a 18ª edición do programa de financiamento comunitario “TecEuropa”. Con 85 participantes, cerca da metade procedían de entidades públicas como concellos e a Xunta de Galicia, un cuarto veñen de empresas ou asociacións empresarias e o resto de universidades, centro tecnolóxicos e entidades do terceiro sector.	14/06 <b>Visita virtual á Comisión Europea</b>  16/06 Curso TecEuropa: o orzamento comunitario e <b>Horizonte Europa</b>

		<p>Dividido en catro sesións, na primeira delas abordouse a política rexional e a posta en marcha das transicións verde e dixital da man de funcionarios da Comisión Europea e, durante as seguintes, a Fundación Finnova deu unha explicación práctica de varios programas de financiamento como Horizonte Europa, Life ou Erasmus +.</p> <p>A FGE convocará unha nova edición de TecEuropa en outubro para se celebrar os días 2,10, 15 e 17 de novembro.</p>	<p>21/06 Curso TecEuropa: os programas CERV e Erasmus +</p> <p>23/06 Curso TecEuropa: programa Life</p>
<b>14. Cribado de cancro</b>	Sanidade	<p>A FGE puxo a disposición do proxecto PRAISE U a súa sala de reunións. Este proxecto está financiado con 10 M€ polo programa UE pro Saúde para axudar aos cribados de cancro de próstata en toda a UE. Galicia acollerá un dos cinco proxectos piloto que levará a cabo este proxecto. O proxecto vai en liña co Plan Europeo de Loita contra o Cancro e a recomendación adoptada en decembro polo Consello da UE, nunha reunión onde participou o propio conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia.</p>	25/06 <b>Lanzamento do proxecto PRAISE U.</b>
<b>15. Cooperación con outras rexións da UE</b>	Todas	<p>A Xunta de Galicia utiliza a súa oficina de Bruxelas para promover a relación bilateral con outras rexións europeas. Nestes meses, fíxose un maior contacto con Bretaña, pois organiza o primeiro Foro de cooperación entre rexións de orixe celta en Lorient en agosto, aprazado dende marzo, cando foi cancelado no último momento por mor das folgas en Francia.</p>	22/05, 05/06 e 19/06 Reunión de preparación do Foro Celta

## ANEXO

Data	Organizador	Nome	Descrición
13/4	CORE	Reunión coa directora xeral de Competitividade e Comercio (COMPET) no Consello	A directora xeral de Competitividade e Comercio, Isabel Riaño, centrouse no proceso de reforma no que se atopa inmersa a OMC, as diferentes tensións comerciais promovidas no triángulo Estados Unidos-UE-China, así como as perspectivas existentes para o comercio internacional en 2023.
19/4	CdR	Comisión CIVEX	A recepción e integración dos refuxiados ucraínos en Europa, as conclusións da Conferencia sobre o Futuro de Europa (COFE), e a loita contra a desinformación foron os principais temas tratados a xuntanza.
20/4	Oficina do CdTI en Bruxelas (SOST)	Presentación da "Lei sobre a industria de cero emisións netas"	A Comisión Europea publicaba o pasado febreiro o comunicación relativa ó "Plan Industrial do Pacto Verde", un plan de acción co que se quere potenciar o desenvolvemento e innovación da industria europea ao tempo que se impulsa unha transición verde e xusta. Para acadar este obxectivo, o executivo comunitario presentou un marco temporal de crise e transición, que concederá facilidades no eido das axudas estatais para fomentar o financiamento de tecnoloxías limpas, así como varias propostas legislativas, entre as que destaca a relativa ó aumento da competitividade da fabricación de tecnoloxías de cero emisións netas na UE. O futuro regulamento, propónse, entre outros, facilitar o acceso ós mercados, fomentar a innovación e unha mellora das capacidades ou acelerar a captura de CO2.
24/4	CORE	Reunión preparatoria do Consello de Agricultura e Pesca	No Consello Agrifish de 25 de abril, os ministros adoptaron unhas conclusións sobre as oportunidades que ofrece a bioeconomía, debateron sobre os aspectos agrícolas e forestais do Regulamento sobre a certificación das absorcións de carbono, cambiaron impresións sobre a situación actual dos plans nacionais estratéxicos da PAC 23-27 e expresaron o seu apoio ás importacións agrícolas procedentes de Ucraína.

25/4	CdR	<b>Comisión de Desenvolvemento Sustentable da Asemblea Euro-Mediterránea Local e Rexional (ARLEM)</b>	Jesús Gamallo co-presidiu unha <a href="#">reunión da Asemblea Rexional e Local Euro-Mediterránea</a> celebrada en Rabat, como representante do Comité Europeo das Rexións. ARLEM é o foro de diálogo entre representantes locais e rexionais da Unión Europea cos seus homólogos de Estados mediterráneos extracomunitarios, africanos e asiáticos. Debateuse sobre migración e cambio climático.
25/4	Comisión Europea	<b>7ª Conferencia sobre a Plataforma de Transición Xusta</b>	Foro organizado por DG REGIO e DG ENER para compartir experiencias sobre o proceso de transición xusta cara unha Europa climaticamente neutra entre as administracións nacionais, locais e rexionais, así como aos interlocutores económicos e sociais e aos representantes da Comisión Europea; entre eles o comisario de Mercado Interior, Thierry Breton, o comisario de Cohesión e Reformas, Elisa Ferreira, e o comisario de Enerxía, Kadri Simson. Esta edición centrouse na posta en marcha do Fondo de Transición Xusta, que vai destinar 110 millóns de euros á provincia da Coruña polo peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes.
3/5	CORE	<b>Reunión co director adxunto para América do Servizo de Acción Exterior (EEAS), Javier Niño</b>	A UE vén de comezar unha nova axenda de relacións con América Latina, na que recoñece a importancia estratéxica desta rexión e os valores compartidos con ela. A xira da presidenta da Comisión en América Latina en xuño e o Cumio UE-CELAC organizado pola Presidencia española en xullo en Bruxelas é boa mostra de elo.
4/5	REGEA e FEDARENE	<b>Enerxía cidadá para o éxito da transición enerxética</b>	A axencia rexional de enerxía e clima do norte de Croacia (REGEA) e a Federación Europea de Axencias e Rexións para a Enerxía e o Medio (FEDARENE) explicaron o seu percorrido coas comunidades enerxéticas, mostraron as súas boas prácticas e os exemplos das distintas comunidades no territorio europeo.
5/5	FGE	<b>Visita xestora de proxectos UVIGO</b>	Informou dos proxectos europeos que leva a cabo a UVIGO actualmente e os contactos feitos en Bruxelas
5/5	Comisión Europea	<b>Día Europeo do Turismo</b>	Despois dun longo e intenso proceso de co-creación, a Comisión Europea publicou en 2022 o itinerario de transición para o turismo, que foi utilizado como base para a Axenda Europea de Turismo 2030, adoptada polo Consello en decembro. Tras cinco anos de ausencia, a Comisión Europea organizou, con motivo do Día Europeo do Turismo, un debate de apertura entre o comisario de Mercado Interior e a presidenta da Comisión de Transportes e Turismo do Parlamento Europeo, un debate sobre a resiliencia do ecosistema turístico e

			tres mesas redondas dedicadas as transicións dixital e ecolóxica, e á mellora de capacidades dos traballadores de sector.
11/5	CdR	Seminario externo de CIVEX en Elbag (Polonia)	Reunión da Comisión CIVEX do Comité Europeo das Rexións (CdR) dedicada a debater con expertos os efectos da desinformación na democracia en Europa e a súa influencia na conformación da opinión pública e nos procesos electorais.
11/5	CORE	Reunión CORE-Agri: DG Agri - Unidad España (Elvira Bakker)	Reunión sobre a nova organización interna da Unidade coa nova PAC e a posta en marcha do Plan Estratégico Español.
16/5	Oficina de Escocia en Bruxelas	O viaxe de Escocia ata Net Zero: acción polo clima no turismo	Reunión sobre a descarbonización do sector turístico en Escocia e o alcance de obxectivos de cero emisións en 2045.
16/5	CdR	EPP CoR external Group	Reforzo da recuperación, resiliencia e democracia nas rexións, cidades e vilas de Europa
17/5	Zero Waste Europe	Residuos cero na costa	Evento para examinar as iniciativas europeas de mellores prácticas en materia de prevención de residuos, aplicadas por municipios e rexións costeiras.
23/5	CRPM	Asemblea Xeral da Comisión Arco Atlántico	A Asemblea xeral da Comisión do Arco Atlántico abordou os principais ámbitos de cooperación entre as rexións atlánticas europeas como o transporte, a transición verde e os asuntos marítimos. A xuntanza serviu tamén para impulsar a proposta de creación dunha macrorrexión atlántica, invitando ao Goberno de España a tela como prioridade na súa presidencia do Consello da UE
24/5	Parlamento Europeo	Sesión informativa sobre o paquete "Adecuados para os 55": retos e oportunidades para as rexións e municipios europeos	Reunión sobre o "Obxectivo 55" en relación coas rexións e localidades europeas.
24/5	EuroCastanea	Castaña Europa	Reunión para dar a coñecer o proxecto Erasmus "Castaña", polo que se estableceu unha rede de rexións produtoras de castaña en Europa

25/5	CdR	Pleno	A axenda do encontro estivo marcada pola reconstrución de Ucraína, cunha conferencia sobre o papel dos gobernos locais e rexionais no proceso de recuperación e reconstrución deste país; pola promoción da igualdade, a diversidade e a inclusión, cun debate coa comisaria Helena Dalli, e pola necesidade de resiliencia local para facer fronte ás catástrofes, con outro debate co comisario Janez Lenarčič. Entre os seis ditames de opinión aprobados, destaca o referido á revisión intermedia do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 que a Comisión Europea vai propoñer durante os próximos días. Galicia incluíu no texto emendas nas que defende o principio de “non prexudicar a cohesión” polo que ningunha acción comunitaria debe obstaculizar o proceso de converxencia económica das rexións menos desenvolvidas.
25/5	REPER	Reunión cos conselleiros de Agricultura e Pesca	Reunión preparatoria para tratar os temas do <a href="#">Consello de Agricultura e Pesca</a> de maio no que se debateu sobre a seguridade alimentaria e a proposta de Regulamento para reducir os envases alimentarios, así como a situación dos mercados agrícolas, en particular pola guerra en Ucraína.
1/6	FGE	Reunión co presidente da Asociación belga de Amigos do Camiño de Santiago, Pascale Duchene	Informou da recente constitución da Federación europea de asociacións de Amigos del Camino, que ten sede en Francia e pensa presentarse a nivel europeo proximamente.
2/6	Delegación de Canarias	CORE Medio Ambiente	Reunión con conselleiros de Medio Ambiente da REPER para coñecer os resultados do último Consello de ministros na materia onde se debateron sobre as novas normas en materia de restauración da natureza, calidade do aire e misións de CO2 de vehículos, ademais das prioridades españolas na Presidencia.
7/6	CORE	Reunión con Cristina Lobillo	Informou sobre a posta en marcha hai uns meses da estratexia de compra conxunta de gas da Unión Europea, que fortalece a cooperación entre os Estados membros e aumentando o seu poder de negociación cos provedores. Esta iniciativa busca garantir a subministración segura e a prezos competitivos para todos os países membros, fomentando a solidariedade enerxética na rexión.
8/6	Parlamento Europeo	Forzas armadas europeas e a situación actual	O obxectivo desta conferencia foi debater os problemas actuais aos que se enfrontan os militares en Europa e como avanza a integración europea en materia de defensa.



15/6	Comisión Europea	Foro “Océano Dixital”	O Foro Océano Dixital 2023 reuniu a expertos, partes interesadas, responsables políticos e cidadáns interesados no codiseño e a cocreación dunha réplica dixital dos océanos ( <i>Digital twin Ocean-DTO</i> ). O propósito deste evento era colaborar coas partes interesadas na definición dos obxectivos e aspiracións que poden lograrse mediante a creación dun sólido DTO.
19/6	Oficina de Murcia en Bruxelas	CORE Competividade	Reunión con conselleiros de competitividade da Representación Permanente de España para coñecer os resultados do Consello do 22 e 23 de maio e adiantar as prioridades da Presidencia española.
20/6	CdR	Reunión CIVEX	A comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do Comité Europeo das Rexións (CdR) reuniuse nun encontro marcado polo novo paquete de apoio a Ucraína, a mellora da lexislación europea e a elección de Patrick Molinoz como novo presidente da comisión. O director xeral, ademais, actuou como coordinador do grupo PPE (Partido Popular Europeo) na comisión.
21/6	Delegación de Andalucía en Bruxelas	CORE Sanidade	Reunión con conselleiros de sanidade da Representación Permanente de España para coñecer os resultados do último consello de ministros no que se tratou a modernización da Axencia Europea de Medicamentos e o espazo europeo de datos sanitarios.
23/6	CORE	Reunión co director xeral do Servizo Xurídico da Comisión Europea,	Deu un repaso xeral aos expedientes legislativos nos que traballa a Comisión Europea dende un punto de vista xurídico
26/6	Delegación de Canarias en Bruxelas	CORE Enerxía	Reunión con conselleiros de enerxía da Representación Permanente de España para coñecer os resultados do anterior Consello onde se tratou a reforma do mercado da electricidade e as prioridades españolas na Presidencia.
26/6	CdR	EuroPCom	EuroPCom é a maior conferencia anual europea para expertos en comunicación pública e cada ano atrae a centos de profesionais da comunicación de toda a UE e de fóra. EuroPCom está organizado polo Comité Europeo das Rexións en estreita cooperación coa Comisión Europea, o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea, o Banco Europeo de Investimentos, o Comité Económico e Social Europeo e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico.

28/6	FGE	Conferencia final do proxecto AYCH	A FGE acolleu o acto final deste proxecto europeo sobre participación xuvenil no que participa xunto a outras 5 organizacións europeas
30/6	FGE	Reunión sobre a contribución da RIS3 de Galicia á Misión Océanos	A CRPM participa, xunto a CETMAR e outros 15 socios, no proxecto PREP4BLUE de Horizonte Europa, dotado de 5 M€ para apoiar o despregamento da Misión Océanos. Están a facer enquisas en diferentes rexións para ver en que medida as actuais RIS 3 están ou non aliñadas cos obxectivos desta Misión e poder así preparar ferramentas que as axuden a orientar as actividades de I+D+i nos obxectivos de: (1) Protexer e restaurar os ecosistemas mariños e acuáticos e a súa biodiversidade; (2) Previr e eliminar a contaminación mariña e (3) Consegur unha economía azul circular e neutra en carbono. A FGE coordinou unha reunión con GAIN, CETMAR e a CRPM para responder a enquisa por parte de Galicia
5/7	CdR	Pleno	Sesión plenaria do Comité Europeo das Rexións (CdR) na que se debateu sobre o Marco Financeiro Plurianual (MFP) da UE, o plan industrial do Pacto Verde e a ampliación da UE nos Balcáns occidentais. O encontro contou coa presenza de Thierry Breton, comisario de Mercado Interior. Entre os nove ditames aprobados na sesión plenaria, destaca o referido á revisión da Directiva sobre o tratamento das augas residuais. Galicia incluíu no texto emendas relativas a diferentes prazos de xeito que estes sexan coherentes e acordos coa planificación hidrolóxica, así como de cara a aclarar a redacción proposta e evitar a necesidade interpretar o texto de xeito que dificulte a súa aplicación.
5/7	CORE	Reunión coa asistente parlamentaria de Cristina Maestre (ES,S&D)	Cristina Maestre é relatora dun informe no PE sobre a comunicación de retención do talento na UE.
13/7	Comisión Europea	Foro UE-CELAC	O Foro “ <a href="#">UE-América Latina e Caribe: socios para o cambio</a> ” reuniu en Bruxelas a representantes locais, da mocidade e da sociedade civil, días antes do Cumio UE-América Latina e Caribe organizado pola Presidencia española do Consello. Jesús Gamallo, en representación do CdR, participou nun debate para explicar a experiencia galega de cooperación con América Latina no eido da educación.